

Plan para a dinamización das Tecnoloxías da Información e Comunicación

CPR Plurilingüe La Milagrosa

Correo: info@colexioamilagrosa.gal

Web: www.colexioamilagrosa.gal

ÍNDICE

Contenido

1.	Introdución e xustificación	2
2.	Obxectivos	3
2.1.	Obxectivos xerais do alumnado	3
2.1.1.	Obxectivos por etapas e ciclos	3
2.2.	Obxectivos xerais do profesorado	5
2.3.	Obxectivos xerais de centro.....	5
2.4.	Obxectivos xerais da comunidade educativa	6
3.	Recursos	6
3.1.	Recursos tecnolóxicos.....	6
3.1.1.	Aula de informática	6
3.1.2.	Equipos tecnolóxicos de aula	7
3.1.3.	Equipos doutras estancias	7
3.2.	Recursos humanos: Equipo para a introdución e dinamización das TIC	7
3.3.	Recursos dixitais.....	8
4.	Organización espacio-temporal.	9
4.1.	Horarios de uso da aula de informática.....	9
4.2.	Temporalización.....	10
4.3.	Normas de uso da aula de informática:.....	10
5.	Medidas específicas para a atención á diversidade.....	10
6.	Avaliación e seguimento do plan	11
7.	Difusión do plan na comunidade escolar	12
8.	Aprobación polo Consello Escolar.....	12

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A Lei Orgánica de Educación (LOE) establece entre as súas competencias básicas a **competencia dixital** consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro educativo facéndoo extensible ó resto da comunidade educativa. Este plan xorde como consecuencia da aplicación da LOE (anexo V) a cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación (DOGA nº 132 do 9 de xullo de 2007).

Un dos obxectivos da Lei 3/2020, de 29 de decembro, (LOMLOE) pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación é “desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse no seu uso, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran”. Ademais, a implantación desta lei supón un cambio de paradigma do modelo instrucional, no que se formaba aos estudantes a través da aprendizaxe dunha serie de coñecementos para despois aplicalos, a un modelo competencial onde os saberes xa se aplican no proceso coa finalidade de “aprender a facer”.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) xogan un papel determinante na consecución dos obxectivos do Plan Dixital de Centro, o cal foi implantado a raíz das necesidades detectadas a consecuencia da pandemia do CoVid-19.

As TIC son un elemento de mellora na calidade do ensino que posibilitan o acceso á información tanto ao profesorado como ao alumnado, polo que debemos aproveitar os avances tecnolóxicos co fin de conseguir un ensino de maior calidade. O ordenador e demais recursos TIC deben introducirse nas aulas dende Educación Infantil con naturalidade, como unha ferramenta de traballo máis, sen esperar del a solución a tódolos problemas. A interacción que nos ofrecen os distintos medios tecnolóxicos, encerado dixital, ordenador... proporcionan un elemento motivador considerable.

Este plan, unha vez aprobado, formará parte do Proxecto educativo do centro é a Programación Xeral Anual, coas modificacións pertinentes co paso dos cursos académicos.

2. OBXECTIVOS

Atendendo ás indicacións marcadas pola Administración para a redacción deste Plan, indícanse a continuación os obxectivos que se pretenden acadar en cada un dos grupos que conforman a comunidade educativa e no global do centro.

2.1. Obxectivos xerais do alumnado

- Potenciar a capacidade de razoamento e motivación por aprender aproveitando ás TIC como recursos altamente motivadores.
- Adquirir estratexias que lles permitan obter e xestionar a información obtida a través das TIC
- Empregar as TIC como medio de creación, integración e cooperación cos demais, así como de vía para a transmisión en liberdade das propias ideas.
- Potenciar as comunicacións entre iguais para intercambiar información, coñecementos, adquirindo hábitos de respecto e cortesía nas comunicacións telemáticas.
- Adquirir hábitos de seguridade e autocontrol no uso de internet.
- Adquirir ferramentas que permitan o aproveitamento das TIC na súa autoformación.
- Comprender a idea de “comunidade” e colaboración como principio fundamental no que se sustenta internet.
- Adquirir unha visión crítica e reflexiva do contido obtido da rede.
- Coñecer o potencial das TIC na autoaprendizaxe e formación continua ó logo da vida.

2.1.1. Obxectivos por etapas e ciclos

Educación Infantil

- Saber acender e apagar o ordenador do xeito adecuado.
- Manexar o rato con precisión e dominar o seu uso básico (seleccionar e clicar, arrastrar).
- Coñecer as distintas partes do equipo informático: teclado, rato, monitor, ordenador, auriculares.
- Coñecer basicamente o teclado: identificar as letras e as teclas retroceso, espazo, *intro* e maiúsculas.
- Saber escribir o seu nome (4 anos) con apelidos (5 anos) correctamente.
- Realizar actividades dixitais da proposta didáctica con autonomía.

- Participar na realización de actividades na aula no encerado dixital.
- Saber acceder no seu usuario co seu contrasinal no seu ordenador na aula de informática (5 anos).

1º e 2º Primaria

- Afianzar os contidos da etapa anterior.
- Entrar no usuario propio no ordenador introducindo o contrasinal persoal.
- Acceder á súa conta de Office 365 e abrir un procesador de texto e escribir un breve texto cos signos de puntuación adecuados (2º).
- Gardar un documento na carpeta desexada e saber acceder a el en calquera momento.
- Saber copiar, mover e eliminar un documento.
- Acceder aos diferentes sitios web que se que utilizan en clase e poñelos na barra de favoritos.
- Saber acceder a súa conta de correo electrónico e ver as mensaxes recibidas (2º).

3º e 4º Primaria

- Afianzar os contidos dos cursos anteriores.
- Saber editar a fonte e parágrafo dun texto de xeito básico: tipo de letra, negriña, cursiva, subliñado, interlineado, viñetas, etc.
- Saber operar co correo electrónico de xeito básico: escribir e enviar mensaxes, abrir os correos recibidos e anexar documentos.
- Saber crear unha árbore de carpetas onde clasificar a información por materias e/ou por tipo de actividades.
- Procurar información en internet sobre temas diversos para a realización de actividades.

5º e 6º Primaria

- Afianzar os contidos dos cursos anteriores.
- Profundar na edición de textos: Elaboración de traballos con un procesador de textos con portada, índice, apartados e imaxes (de ser o caso).
- Presentación de traballos utilizando Powerpoint, Canva ou outro programa de presentación de diapositivas.

2.2. Obxectivos xerais do profesorado

- Empregar as TIC recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria.
- Adecuar o uso das diferentes TIC á idade e contidos de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente de xeito que se aproveite todo o potencial que despregan as TIC.
- Empregar as TIC para os traballos cotiás así como na propia aula, abrindo o espectro de recursos existentes ó alcance do alumnado.
- Consultar e obter información a través das TIC que permitan a autoformación e perfeccionamento docente.
- Adquirir nocións básicas no uso das TIC de xeito que permitan empregarlas, de xeito progresivo, nas aulas como un recurso máis.
- Aceptar o valor motivador destas tecnoloxías para o alumnado, sobre todo nos alumnos/as con necesidades educativas.
- Cambiar de forma gradual a concepción metodolóxica convencional, de xeito que se permita a inclusión das TIC de xeito eficaz e real.
- Participar nas propostas do Equipo das TIC e aportar novas ideas e melloras.

2.3. Obxectivos xerais de centro

- Fomentar o uso das ferramentas informáticas como forma de romper as desigualdades sociais.
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do centro.
- Formar ao profesorado para lograr conseguir os obxectivos propostos no Plan Dixital de Centro.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con necesidades educativas e nas tarefas de apoio e reforzo da aprendizaxe.
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo da internet con capacidade de tratar criticamente a información.

2.4. Obxectivos xerais da comunidade educativa

- Fomento do uso das tecnoloxías dixitais en ámbitos relacionados co centro educativo.
- Fomentar a web do Centro como fonte de información para as familias e resto da comunidade escolar como punto central virtual de contacto permanente.
- Fomentar o uso da Aula Virtual do centro e demais aplicacións como espazo de aprendizaxe e introdución ás tecnoloxías dixitais.
- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de información e de contacto con tódolos axentes implicados no proceso educativo.
- Poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de pais e nais dos coñecementos necesarios para un correcto uso das TIC.
- Fomentar a superación de limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Adquirir habilidades que permitan empregar as TIC de xeito eficiente, adecuando cada unha das tecnoloxías ó resultado que se queira obter.
- Ser capaces de buscar información (gráfica, texto ou multimedia) en internet adquirindo estratexias de busca eficaces.
- Poder descargar documentos colgados na rede a través dun enlace proporcionado e abrilos para poder imprimilos.

3. RECURSOS

3.1. Recursos tecnolóxicos

3.1.1. Aula de informática

A aula de informática dispón de 25 equipos máis outro máis para o profesor cun proxector a través do cal levar a cabo as explicacións pertinentes.

3.1.2. Equipos tecnolóxicos de aula

Todas as aulas tanto de infantil como de primaria dispoñen dun ordenador portátil con proxector e encerado dixital para facilitar a función docente e facela máis atractiva para o alumnado xa que tamén o fai partícipe activo do proceso de ensinanza aprendizaxe. As aulas de 5º e 6º de Educación Infantil dispoñen de tres ordenadores e dúas tablets cada unha para a realización de actividades dixitais. A aula de 4º de infantil dispón de dúas tablets.

3.1.3. Equipos doutras estancias

Ademais dos citados anteriormente, hai outros equipos no seguintes lugares:

	Ordenador sobremesa	Ordenador portátil	Pantalla	Tablet
Sala profesores	2	2	1	0
Biblioteca		1		6*
Aula PT		1		0
Gabinete psicoped.		1		0
Radio	1			0
Despachos	4			0

*Estas tablets están dispoñibles para o seu uso por calquera profesor.

3.2. Recursos humanos: Equipo para a introdución e dinamización das TIC

Coa fin de organizar o traballo e para acadar os mellores resultados deste Plan, establecerase ó comezo de curso un equipo responsable de organizar e xestionar o planificado para a introdución das TIC nesta planificación que contará cun profesor coordinador do mesmo. En todo caso o resto do mestres colaborarán co citado equipo na medida das súas posibilidades así como aceptando todas aquelas indicacións e orientacións que poidan facerse desde o mesmo. Este equipo fomentará unha fluída coordinación entre os diferentes mestres/as do centro neste senso.

O Equipo para a introdución das TIC transmitirá ó profesorado ás oportunidades formativas para o incremento da súa competencia no uso das mesmas. Neste senso promoverase a participación en cursos e tutoriais informativos sobre o uso de programas, aplicacións e recursos tecnolóxicos.

Así mesmo se fomentará entre os docentes hábitos de autoaprendizaxe e colaboración no emprego das novas tecnoloxías, aportando uns ós outros os coñecementos necesarios para lograr os obxectivos expostos.

En todo caso tentarase fomentar o intercambio de experiencias e recursos relacionados coas TIC para o correcto desenvolvemento do plan.

3.3. Recursos dixitais

[Páxina web](#)

O colexio dispón dunha páxina web <http://www.colexioamilagrosa.gal/> desde a que se pode estar permanentemente informado sobre as actuacións que se fixeron e as que se levarán a cabo no centro ou fóra del. É polo tanto un espazo útil para as familias e de interese para o alumnado xa que o pode visitar as reportaxes das súas experiencias.

[Blog “O Recuncho de Mila”](#)

As actividades da biblioteca difúndense a toda a comunidade educativa a través deste blog <https://recunchodemila.colexioamilagrosa.gal/>. Hai diferentes botóns que artellan as distintas seccións: lectura en familias, recreos creativos, Milagrosa editorial, conmemoracións...

Hai actividades mensuais como o magazine de Radio Faladoiro, recomendacións lectoras ou apadriñamentos lectores.

[Tokapp](#)

Esta aplicación é un servizo de mensaxería instantánea que representa o principal vehículo de comunicación entre o colexio e as familias, converténdose nun elemento integrador dentro da comunidade escolar. As circulares chegan directamente aos seus destinatarios con aviso de recepción, polo que se ten certeza que a mensaxe foi recibida, establecéndose así unha comunicación fluída cos pais e nais.

Aula Virtual

Coa chegada da pandemia do CoVid-19 o uso dunha aula virtual onde colgar actividades, vídeos e demais recursos fíxose un imperativo para poder levar a cabo unha aprendizaxe a distancia cando as circunstancias así o requiran. Debido a este motivo todo o claustro participou en varios cursos de formación para aprender a elaborar actividades para o alumnado.

Instagram

Nesta rede social danse a coñecer as actividades que se levan a cabo e os proxectos que se fan cada ano no noso centro.

4. ORGANIZACIÓN ESPACIO-TEMPORAL.

Tendo en conta que os recursos dispoñibles enumerados no apartado anterior deste plan, resulta imprescindible plantexar algún tipo de organización que permita o seu uso de xeito organizado e que á vez supoña o mantemento dos mesmos nas mellores condicións:

Por todo o indicado estableceranse no CPR La Milagrosa unha serie de horarios e pautas para o correcto uso dos elementos tecnolóxicos existentes, de xeito que se acade un adecuado aproveitamento por todas as partes implicadas.

4.1. Horarios de uso da aula de informática

Ó comezo de cada curso elaborárase un horario de uso da aula de informática. Na confección do mesmo daráselle prioridade á hora de elixir horas ós especialistas (música, inglés, P.T.) de xeito que poidan asignar polo menos unha sesión con cada grupo. Posteriormente cada titor poderá escoller unha sesión para usar a aula co seu grupo. Este horario é en todo caso flexible, sobre todo tendo en conta que as horas dos especialistas non estarán sempre ocupadas, polo que previa consulta, poderán ser empregadas por outros cursos que o soliciten. O horario pódese ver no apartado dos anexos.

4.2. Temporalización

O exposto neste plan está planificado para varios cursos escolares, polo que o seu contido será revisado anualmente, incluíndo as modificacións e melloras que se consideren.

Por outra banda as actividades planeadas deben ser tidas en conta tanto en relación á idade do alumnado ó que se dirixa, como a complexidade de consecución das mesmas. Certas propostas suporán unha planificación de varios cursos, outras pola súa banda serán puntuais.

Do mesmo xeito é probable que ó longo da posta en práctica do mesmo, se poida engadir novas propostas e actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos.

4.3. Normas de uso da aula de informática:

Deberán atenderse ás indicacións realizadas no NOFC, sobre o uso da aula de informática e o coidado do material tecnolóxico de uso común.

En todo caso, ademais das mesmas deberá terse especial coidado cos contidos ós que acceden os nenos/as en internet para evitar que accedan a páxinas inadecuadas.

Así mesmo na busca de información hai que fomentar e transmitir valores de espírito crítico, de seguridade na navegación por internet e hábitos convencionais de cortesía establecidos nas comunicacións na rede.

5. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un dos principios xerais que se establecía na LOE e que continúa coa actual LOMLE. Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferencias individuais dos alumnos/as de xeito que poida lograrse unha atención individualizada e personalizada.

Os alumnos con necesidades educativas precisan programas e recursos didácticos para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. Neste sentido as TIC favorecen a comunicación e unha alta motivación do alumno á vez que permiten adaptar o caudal de coñecementos ás necesidades específicas de cada un.

No caso de alumnos con situacións sociais desfavorecidas, o acceso ás TIC no centro permite que o alumno/a poida achegarse a elementos tecnolóxicos, que dificilmente podería acadar no seu fogar, logrando desde xeito superar as desigualdades no acceso ás mesmas. Por outra banda supoñen uns recursos altamente motivadores.

Para alumnos con necesidades educativas deberán terse en conta unha serie de principios á hora de empregar as TIC:

- Os programas deberán ser axeitados ás capacidades do alumno.
- Deberemos asegurarnos que é quen de empregar os elementos tecnolóxicos, ou facilitar ferramentas que permitan o seu uso autónomo.
- Na medida do posible é preferible facer pequenas modificacións nas aplicacións que están a usar os compañeiros, que asignarlle unha nova ferramenta totalmente diferente á daqueles.
- É preciso recorrer ó potencial motivador das TIC renovando as actividades, ferramentas e evitando a monotonía, o cal non implica esquecer o papel que a repetición puidese ter nalgúns casos.

Os alumnos con altas capacidades poderán aproveitar coas TIC aspectos altamente motivadores como son a aprendizaxe por descubrimento e a autoaprendizaxe, aspectos estes tamén importantes para o resto do alumnado, pero que neste casos adquiren un papel fundamental, xa que permite propoñer retos que alenten ó alumno a mellorar as súas capacidades.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

O presente plan será avaliado cada curso coas aportacións e modificacións que se consideren pertinentes, segundo o grao de consecución dos obxectivos planeados.

Esta avaliación será levada a cabo polo coordinador do Equipo para a introdución das TIC cando menos, unha vez por trimestre, o cal non implica que o proceso de control de cumprimento do mesmo sexa continuo ó longo do curso, de xeito que poidan introducirse as modificacións pertinentes.

Ó remate de cada curso académico o Equipo para a introdución das TIC elaborará unha memoria na que se valoren a consecución dos obxectivos planeados e se propoñan melloras a levar a cabo no futuro.

7. DIFUSIÓN DO PLAN NA COMUNIDADE ESCOLAR

O Plan TIC no CPR Plurilingüe La Milagrosa será difundido a través da web do centro.

8. APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR.

No próximo Consello Escolar procederase á súa aprobación.

9. ANEXOS

Horario Aula Informática

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES		VENRES
9.30 – 10.20	Lengua 4º	Inglés 2º	Lengua 4º	Lengua 3º	9.00 – 10.00	Inglés 6º
10.20 – 11.10	Lingua 4º	Inglés 5º	Lingua 4º	Lingua 3º Science 6º	10.00 – 11.00	Inglés 1º
11.10 – 11.40	RECREO				11.00 – 11.30	RECREO
11.40 – 12.30	Mates 4º Science 2º	6º Primaria	Inglés 4º	6º Primaria Arts 5º	11.30 – 12.20	Science 4º
12.30 – 15.00	COMEDOR				12.20 – 13.10	Science 3º
15.00 – 16.00	Inglés 3º	Sociais 4º Science 6º	6º Primaria	Mates 3º Inglés 2º 1º Primaria	13.10 – 14.00	3º Primaria
16.00 – 17.00	5º Primaria	2º Primaria	Science 1º Sociais 2º	1º Primaria		